


PROMOCIÓN DA IGUALDADE

O Reto da Sociedade no Século XXI



XUNTA
DE GALICIA



ideaspropias
EDITORIAL

Promoción da Igualdade

Promoción da Igualdade

O Reto da Sociedade no Século XXI

Autora

Susana Cela López (Avilés, 1982) é licenciada en Pedagogía pola Universidade de Oviedo e mediadora en intervención xuvenil na Asociación de Mulleres Novas de Asturias.

Posúe formación complementaria en desenvolvemento infantil e atención temperá, violencia de xénero, así como en discapacidade e autismo.

Colaborou coa Fundación Asturiana de Atención a Personas con Discapacidade, onde creou un programa de habilidades sociais para os usuarios do centro ocupacional La Arboleya, e co Instituto Asturiano de la Mujer nos actos organizados con motivo do Día da Muller Traballadora (2007).

Na actualidade, realiza talleres, charlas, dinámicas e videofórum, en centros educativos de Asturias, relacionados con temas de prevención de violencia de xénero, coeducación, corresponsabilidade, prevención de trastornos alimentarios e educación sexual.

Recentemente, publicou o artigo «Los discursos sobre la formación de profesionales» na *Paedagogium: Revista Mexicana de Educación y Desarrollo*.

Ficha de catalogación bibliográfica

Promoción da Igualdade. O Reto da Sociedade no Século XXI

1.ª Edición

Ideaspropias Editorial, Vigo, 2009

ISBN: 978-84-9839-134-3

Formato: 17 x 24 cm • Páxinas: 64

PROMOCIÓN DA IGUALDADE. O RETO DA SOCIEDADE NO SÉCULO XXI

Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares de Copyright.

DEREITOS RESERVADOS 2009, respecto á primeira edición, por

© Ideaspropias Editorial.

ISBN: 978-84-9839-134-3

Depósito legal: VG 190-2009

Autora: Susana Cela López

Tradutor: Daniel Saavedra Toral

Impreso en España - Printed in Spain

Ideaspropias Editorial incorporou na elaboración deste material didáctico citas e referencias de obras divulgadas e cumpriu todos os requisitos establecidos pola Lei de Propiedade Intelectual. Polos posibles erros e omisións, escúsase previamente e está disposta a introducir as correccións pertinentes en próximas edicións e reimpresións.

Este manual recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

ÍNDICE

1	Introdución	1
2	Principio de igualdade.....	2
	2.1. Igualdade social	2
	2.2. Igualdade de oportunidades	5
	2.3. Igualdade ante a lei	5
3	Desenvolvemento histórico da igualdade.....	7
4	A igualdade no ámbito mundial	10
5	Lexislación básica	14
	5.1. A igualdade na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.....	14
	5.2. A igualdade na Constitución española de 1978	16
	5.3. Leis e plans de igualdade.....	18
	5.3.1. Internacional	18
	5.3.2. Europa.....	20
	5.3.3. España	22
6	A discriminación positiva.....	25
	6.1. Vantaxes e inconvenientes da discriminación positiva	27
7	A igualdade social e o Estado de benestar	28
8	Medidas para fomentar a igualdade.....	30
	8.1. Familia	30
	8.2. Educación.....	34
	8.3. Mundo laboral.....	38
	8.4. Medios de comunicación	40
	RESUMO	43
	AUTOAVALIACIÓN.....	45
	SOLUCIÓN.....	46
	BIBLIOGRAFÍA.....	48

Promoción da igualdade

1 **Introdución**

A igualdade entre os seres humanos é unha cuestión que se establece como requisito primordial para alcanzar a paz e o desenvolvemento da humanidade.

As desigualdades estiveron presentes na historia das persoas. As diversas culturas e pobos, que habitaron o planeta desde o principio dos tempos, tentaron marcar as diferenzas e os límites que os resaltase como singulares, mais sen respectar o valor da diversidade, o que os levou a quebrantar e vulnerar, ao longo da historia, numerosos dereitos humanos.

Na actualidade, a loita por acabar coas desigualdades deu lugar á elaboración de diferentes tratados e leis, e á constitución de asociacións relacionados coa defensa da igualdade.


Realizaremos unha aproximación aos diferentes tipos de igualdade existentes na sociedade, ao seu desenvolvemento ao longo da historia nas diferentes etapas vividas pola humanidade, así como ás principais referencias a esta na actualidade dentro da lexislación, tanto nacional como internacional.

Ademais, explicarase a relación que existe entre a igualdade social e o esforzo por alcanzar o Estado de benestar, modelo ideal de produción dunha sociedade máis igualitaria. Tamén analizaremos as medidas primordiais que se deben implantar en todos os estamentos da sociedade na loita contra as desigualdades.

O obxectivo desta obra é ofrecer un achegamento ao concepto de igualdade, dar a coñecer o panorama no mundo ao longo dos séculos e na actualidade, así como tentar transmitir os recursos que todo cidadán pode utilizar na loita pola eliminación das desigualdades.

2 Principio de igualdade

O concepto de **igualdade** pódese definir como a equidade de trato entre todas as persoas, independentemente da súa condición ou características. Desta maneira, pódense considerar outros conceptos derivados como igualdade social, igualdade de oportunidades e igualdade ante a lei.



2.1. Igualdade social

A idea de **igualdade social** sitúa a sociedade na defensa de que todos os seres humanos debemos ter as mesmas oportunidades e dereitos na vida.

Podemos distinguir distintos **tipos de igualdade** segundo a orixe ou situación social de cada persoa:

- **Igualdade de xénero:**

É a igualdade que existe entre homes e mulleres, sen estar limitados por estereotipos, roles ou prexuízos. Nacer home ou muller non modifica o feito de ter os mesmos dereitos, oportunidades e responsabilidades.

Neste caso, non se debe confundir o termo xénero con sexo. A palabra **xénero** fai referencia ao rol sexual asignado pola sociedade a unha persoa

(conduta, vestimenta, trato, etc.) e **sexo** alude á diferenza biolóxica que existe entre o home e a muller.

Dado que as diferenzas biolóxicas existen entre un home e unha muller, a sociedade creou identidades de xénero e, como consecuencia, discriminación de xénero. Por tanto, estas desigualdades non son naturais, senón que foron decretadas ao longo do tempo polas sociedades.

- **Igualdade de raza, etnia ou nacionalidade:**

É a igualdade existente entre os distintos individuos, independentemente do seu lugar de nacemento, cultura, comportamento, lingua ou orixe xenealóxica.

Ao longo da historia, este tipo de igualdade non foi respectada, xa que se danaron, en numerosas ocasións, os dereitos humanos debido ao sometemento de pobos e culturas, e á escravitude.



- **Igualdade de idade:**

É a igualdade que non discrimina nin diferenza as persoas pola súa idade cronolóxica na consecución dos seus obxectivos, no recoñecemento das súas opinións ou experiencias, nin na utilización dos seus dereitos e oportunidades.

Esta discriminación adoita estar baseada nunha opinión negativa da sociedade cara ao envellecemento da poboación. As persoas maiores necesitan un recoñecemento da valiosa achega que realizan á sociedade.

- **Igualdade de clase social, económica ou de ingresos:**

É a igualdade que existe entre todo ser humano en canto aos seus dereitos como cidadán, independentemente do seu status social ou económico.

A cultura ten un valor moi importante no desenvolvemento da intelcualidade dos seres humanos. Segundo o catedrático José Luís Pinillos, en *La mente humana* (2003), cando as condicións educativas das persoas son as mesmas, a capacidade intelectual das distintas razas e clases sociais existentes é «basicamente a mesma».

- **Igualdade relixiosa:**


É a igualdade existente entre todos os seres humanos, sen discriminalos por criterios relixiosos persoais. En consecuencia, as crenzas relixiosas que poida ter calquera ser humano non poden supor un impedimento para conseguir os seus dereitos.

Este termo está moi ligado á liberdade relixiosa ou liberdade de culto, é dicir, á liberdade que ten todo ser humano de escoller libremente a súa relixión.

- **Igualdade de persoas con discapacidade:**

É a igualdade de condicións civís, políticas, culturais e sociais da que deben gozar todas as persoas con discapacidade.

A integración das persoas con discapacidade na vida social supón a aceptación de que poden participar e contribuír en moitos aspectos da sociedade, xa que a falta dunha capacidade específica nunha persoa non ten que ser causa de discriminación. Ante esta situación, debe existir un compromiso para eliminar as barreiras físicas, culturais e sociais, coas que poden ser prejudicados no seu intento por conseguir as mesmas oportunidades e condicións.



En xeral, poderíanse citar unha infinidade de tipos de igualdades sociais debido á diversidade existente dentro do xénero humano, xa que hai diversidade biolóxica, diversidade cultural e diversidade social.

2.2. Igualdade de oportunidades

A **igualdade de oportunidades** é unha posición pola cal se consegue que a sociedade estea organizada dunha forma xusta. Deste xeito, todas as persoas, independentemente das súas características, gozan dos mesmos dereitos humanos, é dicir, dereitos tanto políticos como civís.

Este concepto está estreitamente relacionado co de **mobilidade social**, que se refire a aqueles desprazamentos que realizan as persoas, tanto individual como conxuntamente, así como as familias, dentro dunha escala social, posibilitados en moitas ocasións pola educación que reciben as persoas desde idade temperá. A mobilidade social permite que os individuos teñan acceso, mediante a igualdade de oportunidades, a determinados recursos sociais ou económicos difíciles de alcanzar pola súa condición persoal.

Segundo postulaba Platón, todas as persoas, xa sexan nenos ou maiores, que teñan a mesma virtude, deben ter as mesmas oportunidades de obter distintas posicións sociais.

No ámbito laboral, a igualdade de oportunidades é de suma importancia, xa que non ten que existir ningunha clase de discriminacións para acceder ao mercado de traballo. Nas últimas décadas, moitos países comezaron unha loita por reducir as desigualdades existentes no mundo laboral.

As desigualdades que existen en moitos países restrinxen as oportunidades de vida dos seus cidadáns, é dicir, a falta de igualdade nos ingresos ou a desigualdade de razas ou de sexos incrementan as diferenzas en materia de saúde, educación, economía ou influencias políticas.

2.3. Igualdade ante a lei

A **igualdade ante a lei** é a que promulga que toda persoa debe ser tratada por igual dentro da lei. Mais hai que ter claro que, en moitas ocasións, o trato de desigualdade dentro da lei, cando é razoábel, obxectivo e proporcionado, non pode ser considerado como un trato discriminatorio. O Estado debe tratar de forma igualitaria os seus cidadáns cando se dean situacións idénticas, aínda que non significa que o teña que realizar así cando as situacións sexan diferentes.

Este concepto clave dentro da Constitución española, aínda que regule a igualdade, permite unha certa diferenza que sempre debe estar fundamentada en causas razoábeis, obxectivas e proporcionadas. Os lexisladores e os tribunais nunca poderán legislar e sentenciar de maneira desigual mentres non existan xustificacións lóxicas, imparciais e, por suposto, mentres ao facelo non se consiga unha equivalencia aceptábel entre as partes.



Isto podémolo afirmar se temos en consideración o artigo 14 e o artigo 9.2 da Constitución española. No artigo 14, menciónase o dereito de todo cidadán a recibir un trato de igualdade independentemente da súa orixe ou condición, e no artigo 9.2 establécese que os poderes públicos deben legislar de tal forma que as desigualdades entre os cidadáns desaparezan, para o que se poderán adoptar medidas desiguais co resto para mellorar a situación destes grupos concretos en risco.

Ante isto, hai que ter en conta que, para legislar de maneira desigual dous grupos de cidadáns, co fin de acabar coa desigualdade dun deles, ten que existir a forma de poder comparalos e que, ao facelo, se poida demostrar que existe tal desigualdade.

Para entendermos o termo de igualdade ante a lei, debemos considerar as seguintes **conclusións básicas**:

- A igualdade ante a lei decreta que todo cidadán debe ser tratado por igual dentro da lexislación.
- Esta igualdade ante a lei pódese conseguir mediante a situación inversa, é dicir, legislando de maneira desigual a favor do grupo discriminado.

- Lexislar de maneira desigual a favor do grupo discriminado debe ter un fundamento razoábel, obxectivo e proporcionado.
- O grupo social discriminado ten que ser comparábel co grupo social non discriminado, é dicir, deben existir factores comparábeis exactos que determinen a desigualdade existente.

Tamén hai que reflexionar acerca da posta en práctica destas medidas, que ás veces supón unha escolla, por parte do ámbito xurídico, das leis ou normas que se deben establecer segundo as situacións que se lle presentan. Desta forma, os xuíces teñen que escoller que lei ou que norma teñen que aplicar dentro do proceso que teñan aberto para conseguir esa igualdade. Isto non pode servir nunca de xustificación para posibles procesos que poidan ocorrer con posterioridade, por moi semellante que poida ser a situación na que se estea traballando.

En conclusión, dentro do concepto de igualdade ante a lei, hai que sinalar que a discriminación existe, mais aceptárase a condición de que esta discriminación consiga promover a igualdade.

3 Desenvolvemento histórico da igualdade

O concepto de igualdade xa estaba presente na cultura grega, aínda que non como un feito constatado, senón como un ideal pertencente á filosofía e unido ao ideal de xustiza. Aristóteles explicaba que a xustiza radicaba na igualdade, segundo dicía na súa obra *Magna Moralia* (*A gran moral*): «...aquí non buscamos esta xustiza; estudamos unicamente a xustiza política e civil, e a xustiza política consiste exclusivamente na igualdade e na completa semellanza». A igualdade entre os seres humanos, a pesar disto, non chegou a ser un principio demasiado importante dentro do pensamento político grego.

Coa chegada do estoicismo e o cristianismo, o concepto de igualdade aparece como unha forza dentro da sociedade: todos os seres humanos son iguais en dignidade e importancia, xa sexa por participar igualmente da razón universal ou por ser fillos de Deus. Neste caso, e a diferenza da filosofía grega, manifestábase como un feito, no canto de declararse como un ideal, a importancia de todo ser humano ou o significado que este ten ante Deus.

No século XVII, comezouse a ter constancia de que as persoas, iguais por natureza, enfrontábanse constantemente a desigualdades creadas pola sociedade, tanto no ámbito político como no social. Nace, neste momento, un ideal político que provoca unha gran forza revolucionaria onde se proclamaba que os individuos nacen iguais e, por conseguinte, posúen os mesmos dereitos.

O tema da igualdade nesta época era unha utopía, posto que as diferenzas entre os cidadáns eran considerabelmente desmesuradas. A fame, as guerras e as enfermidades das clases máis humildes, que representaban á maioría da poboación nos países europeos, contrastaban coas enormes riquezas da clase alta.

Ante todo isto, o terceiro estado, ou o pobo, rebelouse contra a nobreza e o clero na Revolución francesa (1789-1799). Esta revolución, que sucedeu en Francia, foi un proceso social e político que incluíu novas ideas manifestadas por escritores, filósofos e pensadores como Voltaire, Rousseau e Montesquieu, entre as que se atopaba o concepto de igualdade.

Nesta época revolucionaria, os deputados do terceiro estado formaron unha Asemblea constituínte, na que redactaron documentos políticos que buscaban a igualdade de todos os cidadáns, e nos que se abolían privilexios señoriais cos que se fomentaban as desigualdades sociais.

Durante a Revolución francesa, o concepto de igualdade alcanzou a súa plena integridade e converteuse nun valor mundial que había que defender. O lema: «liberdade, igualdade e fraternidade», representou tres principios básicos para o cambio que se estaba producindo na época.

Este cambio significou a perda dos privilexios dos que até ese momento gozaba a aristocracia e o clero, e supuxo a aparición dunha nova forma de estado: o estado dos cidadáns, o estado democrático e de dereito.

A Declaración dos Dereitos do Home e o Cidadán, de 1789, utilizouse como base para a creación posterior de todas as declaracións publicadas nos séculos XIX e XX, sobre todo para a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 1948, que supuxo o recoñecemento mundial do valor de igualdade.

Durante o apoxeo do comunismo, a máxima aspiración, aínda que inalcanzable, dos estados comunistas era chegar a un total igualitarismo material. O comunismo pretende alcanzar o estado completo de igualdade e liberdade,


defende a desaparición da propiedade privada e, por tanto, das clases baseadas no poder económico. En definitiva, o comunismo tenta crear estados onde non exista a dominación dunhas clases sociais sobre outras. Ao longo da historia da humanidade, comprobouse que, aínda que o comunismo ten principios positivos para lograr a erradicación das desigualdades, isto nunca se conseguiu.

En xeral, ao longo da historia, o concepto de igualdade nunca se respectou. O exemplo máis claro é o espírito de superioridade que a raza «branca», co paso dos séculos, experimentou respecto doutras, considerándose superior simplemente pola cor da pel.

As limpezas étnicas de Kosovo, o sometemento sufrido polos negros en diferentes zonas de Estados Unidos, o sentimento xenófobo entre nacións do Sueste europeo, as masacres de carácter racista entre diferentes etnias africanas ou asiáticas, son exemplos de que a igualdade entre os seres humanos está moi lonxe de conseguirse.

A igualdade entre homes e mulleres é outra igualdade que polo momento non se conseguiu alcanzar. O home, durante toda a historia, empregou a súa forza física e poder corporal para infravalorar a muller, sen ter en conta o valor da mente. As mulleres sufriron discriminacións durante moitos séculos, xa que non gozaron do dereito ao voto, foron obrigadas a realizar o traballo no fogar, e mesmo foron consideradas como obxectos pertencentes aos homes, entre outras discriminacións.

Igualdade ou desigualdade?



Así mesmo, hai que ter en conta a desigualdade creada nas parellas de individuos do mesmo sexo, é dicir, en parellas homosexuais, xa que non teñen os mesmos dereitos que unha parella heterosexual. Nos últimos anos, desencadeouse un movemento que avanza cara á defensa deste colectivo, e que está a conseguir aos poucos que se lle recoñezan dereitos civís como, por exemplo, o do matrimonio no noso país.

As relixións tamén desencadearon violacións dos Dereitos Humanos e provocaron grandes desigualdades. Podemos citar como exemplo a discriminación racial levada a cabo polo réxime nacionalsocialista alemán contra os cidadáns de raza xudía e que provocou millóns de mortos.

Na actualidade, a creación de programas e plans destinados a combater as desigualdades económicas e sociais, para conseguir a igualdade de oportunidades en todas as esferas da vida, é un dos obxectivos da maioría dos gobernos democráticos. O gran problema co que se enfrontan estes gobernos é lograr a fusión da igualdade cos ideais de liberdade, xustiza e progreso.

4 A igualdade no ámbito mundial

No mundo, a **igualdade** resulta distinta segundo a rexión que analicemos. Deste xeito, as nacións que gozan dunha maior igualdade son países como Suecia (país que sempre lidera a maioría das clasificacións referidas a este concepto), Noruega, Finlandia, Islandia, Xapón ou Australia; e, pola contra, as nacións que gozan dunha menor igualdade son a maioría dos países centroamericanos e sudamericanos, así como a maioría dos países islámicos.

Estes datos confírmanse no estudo sobre igualdade entre homes e mulleres, realizado no ano 2007 polo Foro económico mundial. Neste estudo, realizouse unha clasificación relacionada co tema da igualdade de xénero cos 30 países pertencentes á Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE), no cal España ocupa o posto 22.

España consegue uns resultados negativos en comparación co resto e, mesmo cando a lista se incrementa con outros 28 países en vías de desenvolvemento, logra un resultado bastante discreto ao colocarse na metade desa clasificación.

En canto á situación mundial da igualdade en termos amplos, podemos determinar que as discriminacións ocorren en todos os lugares do mundo, con consecuencias como execucións sumarias, torturas, malos tratos e violacións dos dereitos de comida, saúde e educación.

Tamén é preocupante a persecución á que son sometidos en varios países iberoamericanos xornalistas ou medios de comunicación críticos cos seus gobernos, o que demostra unha grande intolerancia propia de réximes políticos autoritarios e non de gobernos democráticos, así como a violación do principio de igualdade de opinións políticas.

En moitas rexións asiáticas e do Pacífico, os crimes contra a muller son unha constante diaria, reafirmados en situacións críticas como a violencia étnica, os disturbios comunais, os conflitos armados, a ocupación militar e os desprazamentos masivos de persoas.

Así mesmo, son constantes as violacións dos dereitos das minorías sexuais, xa que non se ten en conta o concepto de igualdade de orientación sexual. En todo o mundo, homosexuais e bisexuais son encarcerados, considerándoos en moitos países individuos descartábeis. Non existe case ningunha zona do planeta onde estas persoas sexan tratadas con plena igualdade ante a lei, e naquelas rexións onde existe esa igualdade, as discriminacións aínda permanecen dentro da sociedade.

Segundo Amnistía Internacional, a orientación sexual, o xénero e a raza van ligados a aspectos da identidade humana, e é consciente de que, na maioría das rexións do mundo, non se respecta a igualdade social.

Entre as moitas discriminacións e rexeitamentos que existen ao concepto de igualdade, sobresa a discriminación á hora de recibir educación. A educación é un factor clave e importante para lograr a integración social dos grupos.

Este dereito á educación deriva da Convención sobre os Dereitos do Neno, o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller, e a Convención Internacional para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial.

Se atendemos entón á igualdade que todo cidadán debe ter á hora de recibir educación, pódense observar distintas discriminacións en diferentes lugares do mundo.

Se entramos no conflito de Oriente Próximo, podemos comprobar como en Israel se destinan menos recursos económicos á educación dos nenos palestinos ca á educación dos nenos xudeus. Así mesmo, as escolas árabes son moi inferiores ás xudías, xa que carecen de moitas dos equipamentos dos que gozan as instalacións dos demais cidadáns de Israel.

Nalgúns países europeos, os individuos de etnia xitana que están escolarizados reciben unha educación inferior, e mesmo son segregados a distintos centros lonxe dos seus fogares.

En moitos países asiáticos e africanos, os nenos pertencentes a familias de clase inferior ou a grupos sociais rexeitados, enfróntanse a multitude de discriminacións á hora de escolarizarse.

Na India, os nenos Dalit (denominación utilizada para chamar aos cidadáns de liñaxe inferior) son discriminados do resto e admitidos tan só nos centros escolares coa estrutura básica peor valorada.

Na República Dominicana, aos fillos de cidadáns inmigrantes procedentes de Haití, negóuselles en moitas ocasións o acceso ás escolas e a emisión dos seus documentos de identidade.

En países como Turquía ou Uzbequistán, impídese a asistencia ao ensino a todos aqueles cidadáns cuxas condutas ou crenzas vaian en contra das normas ou ideas políticas da maioría.

Ás mulleres das zonas de Afganistán baixo control dos talibán, prohibíuselles moitas veces acudir ás escolas máis aló da educación básica polo mero feito de seren mulleres.

En moitas ocasións, a desigualdade ante o dereito á educación, tamén se relaciona coas discriminacións sufridas en resposta a unha determinada orientación sexual. Deste xeito, estudantes homosexuais, bisexuais e transexuais son sometidos a acoso constante por parte dos seus compañeiros. O acoso verbal transfórtese a miúdo en violencia física.


A división europea da Asociación Internacional de Lesbianas e Gais comenta que existe unha probabilidade maior de que os profesores rexeiten os seus estudantes segundo a súa orientación sexual, dato corroborado tamén por Amnistía Internacional.

A discriminación, o acoso e a violencia constitúen un obstáculo á capacidade que poidan ter para seguir a súa formación, ademais de supor un obstáculo para o seu benestar persoal.

Após multitude de avaliacións sociais da situación mundial actual, pódese deducir que, aínda que en moitas zonas alcanzouse o progreso en materia de igualdade, existen moitas outras nas que nin sequera se logran niveis mínimos, e existen brechas moi destacadas dentro das nacións e entre as nacións.

Nalgunhas rexións do Caribe, traballouse moito nos últimos anos para conseguir a igualdade social de todos os cidadáns, eliminando relacións de dominio que estaban baseadas historicamente en xerarquías de etnia e cor de pel. Aínda así, estes rumbos raciais aínda son evidentes e inflúen no sistema de clases dominadoras sobre outras.

En canto á igualdade de ingresos entre grupos no ámbito mundial e de acordo co Informe sobre Desenvolvemento Humano elaborado pola Organización das Nacións Unidas no 2005, existe unha lista de países que están clasificados segundo o coeficiente Gini (representa o nivel de distribución de ingresos), no cal o número 0 representa a igualdade total e o número 1 a desigualdade absoluta.



Fonte: Informe sobre Desenvolvemento Humano (2005)

Segundo este informe, os ingresos das persoas cambian dunhas zonas a outras. Asia meridional e os países da OCDE, é dicir, América do Norte, a Unión Europea, Australia e Xapón, mostran niveis moi baixos de desigualdade, mentres que América Latina e a África Subsahariana presentan niveis moi altos.

Neste informe, tamén se sinala que estas desigualdades mudan ao longo do tempo. Se comparamos estudos realizados en varios países ao longo dos anos, existe unha tendencia cara ao aumento da desigualdade.

Segundo as investigacións levadas a cabo no ano 2004 polo Consello Económico e Social da Organización das Nacións Unidas, nas últimas décadas conseguíuse diminuír o nivel de pobreza no mundo, mais aumentaron as desigualdades por culpa da mala distribución do crecemento económico dos países en desenvolvemento.

5 Lexislación básica

Ante esta situación de desigualdade, faise necesario establecer lexislacións que defendan a igualdade de todos os cidadáns en todas as rexións do mundo, para que, desta maneira, se establezcan bases xurídicas coas que poder avaliar o comportamento das nacións en materia de igualdade.



5.1. A igualdade na Declaración Universal dos Dereitos Humanos

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos, acollida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, foi aprobada o 10 de decembro de 1948 en París. Foi a primeira vez que un conxunto de nacións pactaban unhas normas que posibilitaban, a partir dese momento, determinar o trato que reciben os cidadáns en todas as sociedades existentes.

Esta declaración condena toda clase de discriminación, xa que desenvolve a idea de que todas as persoas son iguais ante a lei e, sen discriminación algunha, teñen dereito a ser protexidas pola lei.

Os artigos desa declaración nos que o concepto de igualdade se fai patente son os seguintes:

«Artigo 1.

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.

Artigo 2.

1. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política, ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

2. Ademais, non se fará distinción algunha fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuxa xurisdición dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente, como dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.

(...)

Artigo 10.

Toda persoa ten dereito, en condicións de plena igualdade, a ser ouvida publicamente e con xustiza por un tribunal independente e imparcial, para a determinación dos seus dereitos e obrigas ou para o exame de calquera acusación contra ela en materia penal.

(...)

Artigo 18.

Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión; este dereito inclúe a liberdade de cambiar de relixión ou de crenza, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou a súa crenza, individual e colectivamente, tanto en público como en privado, polo ensino, a práctica, o culto e a observancia.

(...)

Artigo 23.

1. Toda persoa ten dereito ao traballo, á libre elección do seu traballo, a condicións equitativas e satisfactorias de traballo e á protección contra o desemprego.

2. Toda persoa ten dereito, sen discriminación algunha, a igual salario por traballo igual.

3. Toda persoa que traballa ten dereito a unha remuneración equitativa e satisfactoria, que lle asegure, así como á súa familia, unha existencia conforme á dignidade humana e que será completada, en caso necesario, por calquera outros medios de protección social.

4. Toda persoa ten dereito a fundar sindicatos e a sindicarse para a defensa dos seus intereses.»

5.2. A igualdade na Constitución española de 1978

O concepto de igualdade na Constitución española (1978) reflíctese nunha gran cantidade de disposicións constitucionais, xeralmente de forma acentuada, como pode observarse no título preliminar, no que se dispoñen os principios que estruturan o sistema, así como no artigo 14.

No artigo 1.1 do título preliminar, a igualdade sitúase como un dos valores superiores de todo o ordenamento.

«Artigo 1.

1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.»

O artigo 9.2 do título preliminar é clave dentro da conformación constitucional, xa que establece un mandato aos poderes públicos para que estes fomenten que a igualdade consiga ser real e efectiva.

«Artigo 9.

(...)

2. Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.»

No artigo 14 do título primeiro, régúlase o principio de igualdade dentro da Constitución española.

«Artigo 14.

Os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.»

Coa expresión «Os españois son iguais ante a Lei», pódese pensar que este artigo se está referindo única e exclusivamente aos cidadáns con nacionalidade española e, por tanto, todos aqueles cidadáns que non reúnan este requisito, e que vivan no noso país, non gozarán do dereito de igualdade. Mais isto non é así, senón que o artigo fai referencia a todas as condicións posibles que se poden dar dentro de España, entre elas, a condición de inmigrante legal sen nacionalidade española.

A Constitución española con este artigo establece restricións determinadas de discriminación como son o nacemento, a raza, o sexo, a relixión e a opinión,

aínda que termina cunha referencia a «calquera condición ou circunstancia persoal ou social» como poden ser a idade, a lingua, o parentesco, o matrimonio, a filiación, etc. A constitución non fixa un rexistro pechado, senón que establece un rexistro aberto de tipos de discriminación, no que calquera criterio de distinción pode ser motivo de discriminación.

Así mesmo, en toda a Constitución española realízase unha serie de mencións específicas relacionadas co concepto de igualdade:

- **Artigo 23.2** do título primeiro da Constitución española:

«Artigo 23.

(...)

2. Así mesmo, teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as Leis.»

- **Artigo 31.1** do título primeiro:

«Artigo 31.

1. Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscador.»

- **Artigo 32.1** do título primeiro:

«Artigo 32.

1. O home e a muller teñen dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica»

- **Artigo 39.2** do título primeiro:

«Artigo 39.

(...)

2. Os poderes públicos aseguran, así mesmo, a protección integral dos fillos, iguais estes ante a Lei con independencia da súa filiación e da nai, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.»

- **Artigo 139.1** do título oitavo:

«Artigo 139.

1. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte de territorio do Estado.»

- **Artigo 149.1** do título oitavo:

Este artigo atribúe ao Estado español a competencia para regular as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os cidadáns españois.

Todos estes artigos móstrannos que a igualdade ten un valor dentro do sistema español moi transcendente, xunto cos conceptos de liberdade e solidariedade.

5.3. Leis e plans de igualdade

Realizáronse diversas leis e tratados que se basean na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución española, que conforman a protección contra as desigualdades de todos os cidadáns.

5.3.1. Internacional

No ámbito internacional, o dereito á non discriminación e, por tanto, á igualdade, alén de estar reflectido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, tamén se plasma noutros principais tratados internacionais que a continuación procedemos a analizar.

O **Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos** da Organización das Nacións Unidas foi adoptado pola Asemblea de Nacións Unidas o 16 de decembro de 1966, e entrou en vigor dez anos despois.

No seu artigo 26, proclama a igualdade ante a lei e a prohibición de discriminación do seguinte modo:

«Todas as persoas son iguais ante a lei e teñen dereito sen discriminación a igual protección da lei. A este respecto, a lei prohibirá toda discriminación e garantirá a todas as persoas protección igual e efectiva contra calquera discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinións políticas ou de calquera índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición social.»

O **Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais** da Organización das Nacións Unidas foi adoptado pola Asemblea de Nacións Unidas o 16 de decembro de 1966, e entrou en vigor dez anos despois.

No seu artigo 7, proclama o dereito a condicións de traballo equitativas e satisfactorias:

«Artigo 7.

Os Estados Partes no presente Pacto recoñecen o dereito de toda persoa, ao goce de condicións de traballo equitativas e satisfactorias que lle aseguren en especial:

- a) Unha remuneración que proporcione como mínimo a todos os traballadores:
 - i) un salario equitativo e igual por traballo de igual valor, sen distincións de ningunha especie; en particular, debe asegurárselles ás mulleres condicións de traballo non inferiores ás dos homes, con salario igual por traballo igual.
 - ii) condicións de existencia dignas para eles e para as súas familias conforme ás disposicións do presente Pacto;
- b) A seguridade e a hixiene no traballo;
- c) Igual oportunidade para todos de ser promovidos, dentro do seu traballo, á categoría superior que lles corresponda, sen máis consideracións que os factores de tempo de servizo e capacidade;
- d) O descanso, o goce do tempo libre, a limitación razoábel das horas de traballo e as vacacións periódicas pagas, así como a remuneración dos días festivos.»

A Convención Internacional sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación Racial foi adoptada pola Asemblea de Nacións Unidas o 18 de decembro de 1979, e entrou en vigor dous anos despois. Nesta convención afirmase o seguinte:

«A discriminación racial e demais políticas gubernamentais baseadas en superioridade racial ou odio violan os dereitos humanos fundamentais, pon en perigo as relacións amigábeis entre as persoas, a cooperación entre nacións e a paz e seguridade internacional. A discriminación racial fai dano non só ás persoas que son discriminadas, mais tamén a quen a practica. Un dos principios fundamentais das Nacións Unidas é unha sociedade mundial libre de segregación racial e discriminación, xa que son factores que crean odio e división.

Baixo a Convención, os Estados Partes garanten:

O compromiso de non actuar ou practicar discriminación racial contra individuos, grupos de persoas ou institucións, e asegurar que as autoridades públicas e institucións realicen o mesmo.

Non auspicar, defender ou apoiar discriminación racial por persoas ou organizacións.

Revisar as políticas nacionais e locais do goberno, así como modificar e prohibir leis e regulacións que poidan crear ou perpetuar discriminación racial.

Prohibir e pór un alto á discriminación racial das persoas, grupos e organizacións.

Promover organizacións integracionistas e multirraciais, e Movementos con outros medios para a eliminación de barreiras entre razas, así como tamén a erradicación de toda actividade que tenda a fortalecer a división racial.»

O **Convenio 111** da Organización Internacional do Traballo (OIT) é considerado fundamental á hora de facer fronte á discriminación no mundo laboral. Desenvolveuse no ano 1958 para complementar o Convenio 100 sobre igualdade de remuneración de 1951.




Este Convenio 111, relativo á discriminación en materia de emprego e ocupación, no seu artigo 1 sinala o seguinte:

«Artigo 1.

1. Aos efectos deste Convenio, o termo discriminación comprende:

- a) calquera distinción, exclusión ou preferencia baseada en motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, ascendencia nacional ou orixe social que teña por efecto anular ou alterar a igualdade de oportunidades ou de trato no emprego e a ocupación;
- b) calquera outra distinción, exclusión ou preferencia que teña por efecto anular ou alterar a igualdade de oportunidades ou de trato no emprego ou ocupación que poderá ser especificada polo Membro interesado previa consulta coas organizacións representativas de patróns e de traballadores, cando estas organizacións existan, e con outros organismos apropiados.»



5.3.2. Europa

No ano 2000, o **Consello Europeo de Lisboa** adoptou dúas directivas clave, que son:

- A directiva relativa á igualdade racial.
- A directiva relativa á igualdade en materia de emprego.

Con estas dúas directivas pretendíase lograr unha protección importante contra a discriminación dentro da Unión Europea. Para iso, estableceuse a obrigação de que todos os países membros modificasen as súas lexislacións nacionais, mesmo en todos aqueles que gozasen dunha lexislación totalmente elaborada en contra da discriminación.

Grazas a estas directivas, en moitos países con carencias en medidas de protección contra a discriminación, creáronse importantes organismos especializados en materia de igualdade.

Xunto a estas dúas directivas, existe un **Programa de Acción Comunitario de Loita contra a Discriminación**, que apoia medidas que cuestionan comportamentos discriminatorios e favorecen un cambio de mentalidade.

En decembro do ano 2000, o Consello Europeo de Niza proclamaba a **Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea**, na que se reafirmaba o compromiso co principio de non discriminación.


O artigo 21 desta carta prohibe calquera tipo de discriminación baseada nos motivos expostos no artigo 13 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea: «motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual», alén doutros como son motivos de orixe social, características xenéticas, lingua, opinións políticas ou de calquera outro tipo (pertenza a unha minoría nacional, patrimonio e nacemento). Así mesmo, do mesmo xeito que o artigo 12 dese tratado, o artigo 21 da carta mencionada anteriormente tamén prohibe toda discriminación baseada na nacionalidade.

Todos os principios introducidos nesta carta mostran a responsabilidade e o deber de elaboración de políticas da Unión Europea para a súa posterior aplicación nos diferentes países membros. Así mesmo, a carta constitúe un documento de suma importancia, xa que o Tribunal de Xustiza Europeo utiliza os seus artigos como principios básicos do dereito comunitario.

Nos últimos anos, naceu a iniciativa de celebrar o **Ano Europeo de Igualdade de Oportunidades para Todos**, no que se promoven as ideas tanto de igualdade de oportunidades dentro de todas as esferas da sociedade, como de beneficio da diversidade na cidadanía.

Todos os países participantes nesta iniciativa desenvolven campañas na televisión, radio, prensa, etc. para que as persoas se comprometan a realizar actividades de

concienciación. Tamén ofrecen premios para todas aquelas empresas que leven a cabo as mellores políticas de diversidade, organicen concursos en centros educativos, etc. En xeral, elaboran diferentes actividades en estreita colaboración con toda a poboación civil.



5.3.3. España

A **Constitución española** sinala o principio de igualdade como un valor importante e fundamental dentro do ordenamento xurídico, aínda que debe regularse conforme ás leis de desenvolvemento dos dereitos fundamentais e de todas as liberdades públicas.



En España, unha das leis de igualdade máis demandadas e mellor acollidas foi a **Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**.

Esa lei progresa cara á tolerancia en termos de igualdade e establece unha serie de pautas e principios prácticos para lograr unha mellora da igualdade de xénero no ámbito nacional.

A citada lei reflicte os seguintes aspectos:

- Os homes terán quince días de baixa por paternidade, co obxectivo de que se aumente a trinta días dentro de seis anos.
- Ampliase o tempo de maternidade para partos prematuros. As nais que non coticen o suficiente recibirán prestación por parto.

PROMOCIÓN DA IGUALDADE


A promoción da igualdade é un tema de vital importancia que necesita a implicación de todos os cidadáns, xa que vivimos nunha sociedade que durante séculos estableceu desigualdades entre as persoas, o que implica discriminacións que moitas veces vulneran os dereitos básicos dos seres humanos, e que neste século XXI debemos eliminar.

Con este módulo, que Ideaspropias lle presenta, poderá adquirir os coñecementos necesarios para profundar no concepto de igualdade, coñecer tanto o seu desenvolvemento histórico como a lexislación na que este termo está presente, así como conseguir interiorizar as medidas máis significativas que se poden utilizar en cada ámbito para conseguir a fin das desigualdades.

Neste material didáctico recóllense aspectos relacionados cos distintos conceptos de igualdade, o seu progreso histórico, a lexislación internacional e nacional existentes, as medidas para fomentar a igualdade, etc. Ademais, abórdanse diferentes temas de discusión como é a existencia da chamada discriminación positiva e a relación entre igualdade social e Estado de benestar.



ISBN 978-84-9839-134-3



9 788498 391343